



CIRCULAR INFORMATIVA 17/2022

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS / 2023

Coma cada ano, antes do 31.12.2022 o Colexio de Avogados remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 30.11.2022, ás 14.00 h**, para que os colexiados e as colexiadas interesadas poidan solicitar por escrito ante a secretaría do Colexio a súa inclusión nesta lista. As solicitudes poderán remitirse á conta: rexistro@icasantiago.org

Os colexiados e colexiadas que figuraban de alta na lista do ano anterior continuarán de forma automática na lista que se elabore para o 2023, salvo que comuniquen a súa baixa por escrito.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Dispoñer de alta no seguro de responsabilidade civil coas coberturas esixidas pola Lei concursal

As sociedades profesionais que soliciten a alta nesta lista deberán cumprir os requisitos previstos na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, así como o aplicable na nova lei concursal.

2. INTERRUPCIÓN PARCIAL DE LEXNET OS DÍAS 23 E 24 DE NOVIEMBRE

Segundo nos informan dende o CGAE e o Ministerio de Xustiza, o servizo de Lexnet será interrompido parcialmente os días 23 e 24 de novembro por labores de mantemento na infraestrutura. En consecuencia, verase afectada a tramitación de expedientes xudiciais e, concretamente, interromperase o envío de notificacións e presentación de atestados durante as seguintes horas:

1. Inicio: 23.11.2022, desde as 20 h

2. Fin: 24.11.2022, ata as 14 h

Para consultas, incidencias ou solicitude de información, deberase contactar co CAU do Ministerio de Xustiza a través da seguinte ligazón: <https://lexnetjusticia.gob.es/>



CIRCULAR INFORMATIVA 17/2022

3. NOVAS FERRAMENTAS NA WEB COLEXIAL: VLEX TV E QWOLAW

Informámosvos de que o Colexio renovou recentemente a subscrición ao servizo **vLex TV** co fin de seguir ofrecendo a todos os colexiados e colexiadas un acceso totalmente gratuito a numerosos webinarios de interese. Nesta sección tamén se inclúen dosieres moi completos sobre temas de máxima actualidade e elaborados por especialistas en cada materia. A base de datos vLex é unha das máis completas do mercado e, en virtude do contrato existente, pode accederse a todos os seus contidos gratuitamente a través da nosa páxina web (novidades legislativas e xurisprudenciais, artigos doutrinais, formularios etc.).

Así mesmo, lembrámosvos que dende o pasado 16 de maio tamén está dispoñible de forma gratuita para todos os colexiados e colexiadas exercentes residentes o programa de xestión de despachos **Qwolaw de vLex** (información completa na circular informativa 12/2022).

Poderedes acceder a ambos os recursos validando o voso usuario na web (www.icasantiago.org) e despois entrando no apartado “Biblioteca-Bases de datos”.

4. NOVO NÚMERO DA REVISTA AVOGACÍA COMPOSTELÁ (nº 22/2022)

Xa está dispoñible na páxina web un novo número da revista *Avogacía Compostelá* (núm. 22/2022), que se pode consultar e descargar dende a seguinte ligazón:

<https://www.icasantiago.org/o-colexio/revista/>